# PAT

## *INFORME 2020-2021*

*Plan de acción titorial e atención ás necesidades específicas de apoio educativo*

Facultade de Educación e Traballo Social de Ourense



*Validado pola Comisión de Garantía Interna de Calidade*
*Ourense, día 17 de decembro de 2021*

UniversidadeVigo

Facultade Educación e Traballo Social

OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Plan de Acción Titorial

# R2-D00203 P1

# Informe Final de Avaliación do PAT

# Curso 2020-21

- **Grao en Educación Primaria**
- **Grao en Educación Infantil**
- **Grao en Educación Social**
- **Grao en Traballo Social**
- **Máster en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos**
- **Mestrado en Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos**
- **Master en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria, Bachillerato, Formación Profesional y Enseñanza de idiomas**

ÍNDICE

## GRAOS

INTRODUCIÓN …………………………………………………………………………………………. 3

1. Fase de benvida, acollida e orientación……………………………………………………………… 3

2. Fase de apoio ……………………………………………………………………….….…..………… 5

3. Fase de orientacións específicas ………………………………………………………………….  7

4. Programa de Apoio á Integración do Alumnado con Necesidades Especiais (PIUNE) ………………...  9

5. Accións Formativas ……………………………………………..……………………………….  9

6. Análise das accións do Plan de acción titorial (PAT) ……………………………….……………….. 10


## MÁSTERS

7. Máster en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativo ……………….….…. 14

8. Mestrado en Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos ………………………………..…… 17

9. Master en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria, Bachillerato,

Formación Profesional y Enseñanza de idiomas………………………..…………………………....  20

## INTRODUCIÓN

A finalidade deste informe é avaliar as accións desenvolvidas dentro do Plan de Acción Titorial da Facultade de Educación e Traballo Social, durante o curso 2020-21, curso que estivo marcado pola situación sanitaria excepcional derivada da pandemia. Como consecuencia, aínda que intentamos manter a liña de actuación dos cursos anteriores, a maior parte das sesións informativas e labores de orientación leváronse a cabo de xeito virtual e algunha das habituais non se realizou, como por exemplo a sesión sobre o programa AMINO, que se retomará neste curso 2021-22. En calquera caso, seguiuse en todo momento o plan aprobado pola Xunta de Centro da Facultade o 30/10/2008, que se pode consultar na seguinte ligazón: http://fcce.uvigo.es/docs/calidade/rexistros/R1_DO-0203_P1.pdf

O Plan de Acción Titorial está integrado por tres tipos de actividades: acollida, apoio e orientación específica. En función dos destinatarios e obxectivos, as accións impleméntanse baixo diferentes formatos: desde sesións xerais con todo o alumnado, ata titorización individual ou con grupos pequenos e tamén orientacións destinadas a cursos e graos concretos, segundo as diferentes necesidades do alumnado ao longo da súa traxectoria formativa. As accións de acollida céntranse no alumnado de novo ingreso, que conta ademais cun titor ou titora que o acompaña no seu proceso de integración e adaptación durante o primeiro curso. Este labor de titorización continúa nos cursos seguintes, pero xa non de forma sistemática senón a petición do alumnado.

En definitiva, como resultado da avaliación, poñeremos de relevo os posibles puntos febles e as súas correspondentes accións de mellora, coa finalidade sempre de avanzar de forma progresiva nunha educación pública de calidade.

### 1. Fase de benvida, acollida e orientación

No curso 2020-21, priorizouse a presencialidade na xornada de benvida e acollida, aínda que isto supuxo ter que concentrala nun único día (17/09/2020). A Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria enviou material informativo, que se repartiu entre todo o alumnado de novo ingreso. O equipo decanal levou a cabo o acto de benvida e, tras a presentación de todos os seus membros, encargáronse de explicar o protocolo especial como consecuencia da pandemia. Finalmente, os coordinadores de cada grao expuxeron ao alumnado respectivo a información prioritaria relacionada co Título (guías docentes, horarios, grupos, etc.). A presentación empregada por cada un dos coordinadores, coa información esquematizada, foi facilitada a través da plataforma Faitic, no espazo do PAT de cada grao.

En cambio, decidiuse levar a acabo de xeito virtual, a través do Campus Remoto, as sesións específicas, destinadas a informar ao alumnado de novo ingreso sobre aspectos concretos, sesións que detallamos a continuación, xunto coa ligazón correspondente, xa que en todas elas se ofreceu a posibilidade de asistir en directo, pero tamén se compartiu a posteriori a gravación, para que puidese ser consultada en diferido:

**Sesión informativa sobre o acceso ao Campus Remoto** (21/09/2020), a cargo do profesorado de novas tecnoloxías. Esta información resultaba especialmente relevante, xa que as sesións de clases teóricas (grupos A) houbo que impartilas no curso 20-21 de forma virtual, a través deste recurso que ofrece a Universidade de Vigo.

https://recordings.campusremotouvigo.gal/recorded/video/2359686f4a63f69051ed625e2bea45c18bb668bb-1600695637544?meeting=128688293

**Sesión informativa sobre as validacións no Grao de Infantil**, que implementou a coordinadora deste título (21/09/2020).
https://recordings.campusremotouvigo.gal/recorded/video/e81a24ece4066d8c4351913db2b1c6e89f5921b1-1600701660532?meeting=759437614

**Sesión informativa sobre linguas estranxerias**, por parte do profesorado de francés e inglés dos Graos de Educación Infantil e Primaria (28/09/2020).
https://recordings.campusremotouvigo.gal/recorded/video/7e8df9a9a9f2642fbde23e453f2b65b33490f385-1601309032550?meeting=1053075795

**Sesión informativoa sobre AUCE**, a asociación de alumnado universitario de Ourense, que presentou o propio persoal da asociación, nun día para o alumnado de Traballo Social e Educación Social (1/10/2020), https://bbb36.campusremotouvigo.gal/playback/presentation/2.0/playback.html?meetingId=029d6fe9ea8352ebfbb8ffaf50cdb5ca236d753f-1601572370336&md5=kWldIvqoQvA8d8Xg4oGRjQ&expires=1602521799&meeting=1058489557, e outro día para o alumnado de Educación Infantil e Educación Primaria (6/10/2020).
https://recordings.campusremotouvigo.gal/recorded/video/029d6fe9ea8352ebfbb8ffaf50cdb5ca236d753f-1602000718999?meeting=1058489557

**Curso sobre a biblioteca**, específico para cada un dos graos e impartido polos responsables da biblioteca tamén de forma on-line. Na súa difusión e organización actuaron como intermediarios tanto a coordinadora do PAT como un dos docentes que nese momento estaban impartindo clase no 1º curso. Realizáronse nos meses de outubro e novembro.

Consideramos que estas sesións virtuais funcionaron adecuadamente e que incluso nalgún caso a asistencia foi maior que nas equivalentes presenciais dos cursos anteriores. Polo tanto, cómpre valorar a posibilidade de manter o formato on-line para sesións concretas, máis alá do imposto pola situación sanitaria, e, en todo caso, como xa se comprobara no curso anterior (19-20), sempre se deben acompañar estas sesións de material en formato dixital, que permita ser revisado con posterioridade, material que se ofrece na plataforma de teledocencia correspondente, no espazo do PAT de cada grao. Así, como acción de mellora para futuros cursos, propoñemos intentar explotar en maior medida este espazo, aproveitando o cambio da plataforma Faitic a Moovi, utilizándoo non só como repositorio de información, senón tamén como vía de comunicación e interacción cos estudantes.

**2. Fase de apoio**

Na fase de apoio, cómpre destacar as titorías en pequeno grupo destinadas ao alumnado de novo ingreso de todos os graos, obxectivo para o que se designa un titor ou titora, que convoca o seu alumnado como mínimo a dúas sesións ao longo do curso, unha no mes de outubro e outra no segundo cuadrimestre, unha vez transcorrida a primeira convocatoria de avaliación. Previamente, acórdanse os temas que se deben tratar en cada sesión nunha reunión entre todos os titores e titoras (2/10/2020), baixo a moderación da coordinadora do PAT. Trala realización das diferentes

sesións, os titores e titoras recollen nunha acta os acordos e compromisos adoptados e transmiten esta información á coordinadora do PAT, que, no caso de ser necesario, canaliza as consultas e solicitude de información, ademais de xestionar as posibles incidencias. Estas actas quedan recollidas tamén no espazo de PAT de Faitic destinado ao profesorado.

No curso 2020-21, continuaron con este labor de titorización os mesmos docentes do curso anterior, a excepción dalgún caso que houbo que susbtituír debido a algunha baixa. Intentamos na medida do posible que os titores e titoras impartan docencia en primeiro curso, co obxectivo de que coñezan o alumnado de primeira man e manteñan un contacto con el máis directo e continuado:

- Educación Infantil: Pino Díaz, Valentín Iglesias, Sonia Alfonso Gil, Noelia Estévez, Javier García, María Ainhoa Zabalza.

- Educación Primaria: Almudena Alonso, Ángeles Conde, Manola Raposo, Mar García, Ángel V. Dorrío, Ana Iglesias.

- Educación Social: José María Faílde, Xosé Manuel Cid, María Victoria Carrera, Rosana Martínez, Sara Martínez, Yolanda Rodríguez.

- Traballo Social: Fátima Braña, Mª José Vázquez, Mónica López, Rubén González, Raquel Vázquez, Paula Frieiro.

O resultado destas sesións foi positivo, tanto pola asistencia do alumnado, que aumentou con respecto a cursos anteriores, como pola súa valoración sobre o desenvolvemento do curso. Aínda así, manifestaron algunhas queixas, sobre todo con respecto á concentración das datas de entrega de actividades e tarefas das diferentes materias. A raíz disto, propúxose desde o vicedecanato de calidade unha nova medida de coordinación para implementar no seguinte curso 21-22, que consistirá en cubrir por parte de cada docente un cronograma, coa información sobre os prazos para a entrega de traballos. Estes cronogramas serán publicados no Moovi de cada materia, para que os poida consultar o alumnado, así como enviados aos respectivos coordinadores de curso, que comprobarán ata que punto se produce unha excesiva concentración de entregas nas mesmas datas. No caso de ser así, solicitarase ao profesorado implicado unha posible flexibilización dos períodos de entrega.

Con respecto ao problema da falta de asistencia, neste curso 20-21 estableceuse un período pechado para que os distintos titores e titoras fixasen as súas sesións, co fin de que o alumnado estivese atento a estas convocatorias, posto que detectaramos en anos anteriores que nalgúns casos nin sequera respondían ao envío, pois non consultaban con frecuencia o correo electrónico. Como consecuencia, tamén se propón como acción de mellora insistirlle ao alumnado, desde o primeiro día (xornada de acollida), na necesidade de manter ao día a revisión do correo electrónico. Ademais, creouse a figura do delegado ou delegada de curso, co fin de que actuase como intermediario/a para contribuír á difusión de información relevante, non só por correo electrónico, senón tamén por whatsapp, canle que o alumnado consulta con máis frecuencia. Neste curso, esta medida só se aplicou de forma provisional e experimental, para comprobar a súa eficacia, en espera de levala a cabo de xeito máis formal en futuros cursos, no caso de confirmarse o seu bo resultado. De momento, semella que si chega mellor a información a través desta vía, sobre todo cando se trata de avisos urxentes. De todos os xeitos, cómpre seguir aumentando a visibilidade da coordinadora do PAT, co fin de

dar a coñecer esta figura ao alumnado, xa desde a xornada de acollida, cuestión que haberá que seguir mellorando en futuros cursos.

Ademais destas titorías grupais, tamén se ofrece ao alumnado a posibilidade de levar a cabo titorías individualizadas, tanto co alumnado de novo ingreso, como co resto, xa que o titor/a de primeiro continúa a exercer este labor cos estudantes asignados durante todo a súa traxectoria universitaria. A propia coordinadora atende de forma individualizada a aquel alumnado que así o solicita, do mesmo xeito que o fan tamén os respectivos coordinadores e coordindaras de grao. Nalgunhas ocasións, estas dúbidas, consultas ou cuestións xa se resolven por vía telefónica ou a través do correo electrónico, pero noutras abórdanse a través de titorías presenciais ou virtuais, segundo o caso.

**3. Fase de orientacións específicas**

As accións incluídas nesta fase organízanse en función das necesidades concretas dos diferentes graos e cursos, situándose ademais temporalmente no momento que consideramos máis pertinente segundo a necesidade. Por exemplo, a finais de curso teñen lugar as sesións informativas sobre cuestións que afectan ao curso seguinte, como pode ser informar ao alumnado de terceiro sobre o TFG e o Prácticum que terán que cursar no próximo curso (cuarto). Indicamos a continuación cales foron as realizadas no curso 2020-21, a maioría de forma virtual, e especificamos as datas concretas no cronograma que se pode consultar no anexo I deste documento. No cronograma recollemos así mesmo a ligazón á gravación da sesión, nos casos nos que esta foi gravada para permitir a súa posterior reprodución.

**- Orientacións sobre Prácticum**

Na nosa Facultade, contamos con presenza de prácticas nos catro graos, no último curso, polo que se realizan estas sesións en primeiro lugar co alumnado de terceiro curso, co obxectivo de informalo sobre a cronoloxía, matrícula, solicitude de centros, etc; e despois co alumnado de cuarto, xusto antes de que se incorporen aos seus centros respectivos.

**- Orientacións sobre o Traballo de Fin de Grao**

O/as coordinadores/as de TFG e de Grao realizaron sesións informativas co alumnado de terceiro e cuarto curso sobre as características específicas da materia de TFG: matriculación, calendario, solicitude de liñas de investigación e titores/as de TFG, así como procedementos de realización, redacción, presentación e defensa.

No caso dos graos de Educación Infantil e Educación Primaria, esta sesión realizouse de forma conxunta coa de información sobre o prácticum, para o alumnado de terceiro curso, dado que o cuarto curso está dedicado na súa maioría á realización destas dúas partes da titulación.

**- Orientacións sobre prácticas externas extracurriculares**

Sesións informativas realizadas pola técnica do FUVI no campus de Ourense, Sandra Morales Lloves (practicasou@fundacionuvigo.es) e dirixidas a estudantes de terceiro e cuarto curso de todos os graos. Neste curso, realizáronse de forma virtual.

**- Orientacións sobre mobilidade**

Sesións informativas dirixidas a estudantes de segundo e terceiro de todos os graos para informar sobre programas de mobilidade (Erasmus, Séneca, etc.), recursos, bolsas, apoios, etc.

- **Orientacións sobre optatividade, mencións e saídas profesionais.**

Nos graos de Educación Primaria e Infantil, realizouse unha sesión dirixida especialmente ao alumando de segundo, terceiro e cuarto cursos, co obxectivo de ofrecer información sobre os itinerarios dos Títulos, así como asesorar sobre as posibilidades laborais e formativas unha vez finalizado o grao.

Nesta sesión participan, ademais de profesorado da Facultade, profesionais invitados, co fin de que estes asesoren e resolvan dúbidas desde a súa propia experiencia laboral, cadaquén no seu ámbito.

Esta sesión sempre resulta moi atractiva e útil para o alumnado, como demostra a alta asistencia. De todos os xeitos, coa perspectiva de mellorar para o próximo curso, consideramos que é conveniente separar en dúas sesións diferenciadas a información sobre as mencións, por unha parte, e sobre as saídas profesionais pola outra, dado que o alumnado destinatario é diferente e a sesión, incluíndo os dous temas, resulta demasiado longa.

No que respecta aos Graos de Educación Social e Traballo Social, tamén se informou sobre as institucións e centros para o exercicio profesional e as redes de contacto e intercambio de información profesional, así como sobre as potenciais vías de inserción laboral.

Por último, tamén se presenta nesta sesión a posibilidade de especialización e continuación de estudos que a propia Facultade ofrece, a través do programa de doutoramento e os posgraos, a cargo dos seus coordinadores/as.

**4. Programa de Apoio á Integración do Alumnado con Necesidades Especiais (PIUNE)**

Dentro do programa PIUNE, ofrécese unha atención individualizada ao alumando, en primeiro lugar para asesoralo sobre como darse de alta no programa e, a continuación, para realizar un papel de mediación entre o propio alumnado, o profesorado, o gabinete piscopedagóxico e a Unidade de atención ao estudantado con necesidades específicas de apoio educativo (Unaten) (https://www.uvigo.gal/campus/saude-benestar/unidade-atencion-ao-estudantado-necesidades-especificas-apoio-educativo-unaten).

Como medida de mellora, no curso 20-21, decidiuse separar as funcións de coordinadora de PAT e responsable PIUNE, de xeito que desta se ocupou a profesora Mar García, da área de Psicoloxía evolutiva e da educación. Non obstante, desde o PAT continúa a ofrecerse toda a información relevante sobre este programa ao alumnado que así o demanda. En efecto, foron varios os estudantes que recorreron ao PAT co fin de resolver dúbidas ou simplemente consultar o procedemento que debían seguir para poder acceder ao programa destinado a alumnado con necesidades específicas.

**5. Accións Formativas**

Como en cursos anteriores, realizáronse accións formativas dirixidas aos estudantes de cuarto curso, como apoio á realización dos Traballos de Fin de Grao: cursos presenciais sobre técnicas e metodoloxías de investigación impartidos por docentes do propio centro, tales como Análise de datos na investigación cuantitativa/cualitativa ou virtuais como 'Como afrontar o teu TFG', deseñado e titorizado polo persoal da biblioteca e impartido a través da plataforma de teledocencia FAITIC.

Ademais, neste curso desde a coordinación de TFG, púxose en marcha o programa titulado "TFG con alegría", integrado por seis sesións informativas de carácter práctico destinadas a traballar competencias necesarias para o desenvolvemento do TFG.

**6. Análise das accións do Plan de acción titorial (PAT)**

Nesta valoración partimos de diferentes fontes de información: as actas das reunións de titorización do alumnado de primeiro, recollidas no correspondente apartado do espazo do PAT de cada titulación en Faitic; a información transmitida á coordinadora polos diferentes titores e titoras do PAT vía telefónica, vía mail ou de forma presencial; o encontro dos titores/as de PAT e a coordinadora, celebrado antes da primeira reunión co alumnado; a resposta ás diferentes accións específicas levadas a cabo, tanto por parte do alumnado asistente, como por parte do profesorado.

- Con respecto á xornada de benvida e acollida, consideramos positiva a selección da información máis relevante para transmitir de forma presencial no primeiro día, mentres que as sesións sobre cuestións máis concretas, pero non tan prioritarias, se ofreceron xa de xeito virtual ao longo do mes de setembro. Isto permitiu ademais que fosen gravadas, para facilitar a súa consulta por parte do alumnado no momento en que precisasen desta información.

- No que se refire ás reunións de titorización do alumnado de primeiro, aumentou a asistencia con respecto a cursos anteriores, pero debemos manter a atención neste obxectivo, pois sobre todo na segunda reunión sempre diminúe. É importante neste sentido lembrar a todos os titores e titoras que sitúen as convocatorias inmediatamente despois de que o alumnado destinatario finalice o seu horario lectivo. Á parte disto, a valoración das reunións son positivas, como demostra o feito de que permiten sacar á luz algunhas problemáticas que, doutro xeito, serían posiblemente descoñecidas para o profesorado e responsables da facultade. Así, cando xorde algunha incidencia, o titor ou titora ponse en contacto directamente coa coordinadora do PAT, quen toma as medidas oportunas e, no caso de ser necesario, xestiona e actúa como mediadora entre as partes en conflito, comunicándollo en todo momento á coordinadora ou coordinador do grao afectado. Deste xeito, evítase en moitos casos que os problemas se agraven, ao atallalos e resolvelos de forma rápida e áxil.

- En canto ás accións de orientación específica, a asistencia é alta, o que evidencia o interese que suscitan entre o alumnado, polo que consideramos imprescindible mantelas.

- A pesar da valoración positiva das accións realizadas dentro do marco do PAT, cómpre continuar dándolle maior visibilidade, aumentando a súa difusión. De aí que propoñamos que a coordinadora de PAT se presente, xunto co equipo decanal, xa desde o primeiro día, na xornada de acollida para o alumnado de novo ingreso. Ademais,

propoñemos a creación da figura dun delegado ou delegada de curso, que actúe como intermediario entre as distintas coordinacións e o alumnado, co fin de comunicar a información de xeito máis rápido e eficaz. Esta figura xa se puxo en marcha de xeito experimental neste curso nos graos de Infantil e Primaria, cun resultado bastante positivo, polo que consideramos adecuado estendela aos graos de Educación Social e Traballo Social.

- Por último, con respecto ao programa PIUNE, convén continuar simplificando os procedementos e sobre todo axilizando a comunicación dos informes que indican as medidas de flexibilización que o profesorado debe adoptar, reducindo o máximo posible os tempos entre a alta no programa e a aplicación destas medidas.

En definitiva, a valoración do PAT é en xeral positiva. De feito, trátase dunha canle que consideramos imprescindible para establecer un maior diálogo entre o alumnado e o profesorado do centro, que se suma a outras posibilidades tamén dispoñibles na facultade e que facilitan a comunicación entre os distintos axentes.

Ademais, a información ofrecida a través das accións do PAT resulta de grande importancia para facilitarlle ao alumnado a toma de decisións e o avance na súa traxectoria académica, sobre todo no que se refire a aspectos especialmente relevantes e novidosos, como poden ser a escolla de mención, a realización do prácticum e o TFG ou, por suposto, a proximidade á súa incorporación ao exercicio profesional. Polo tanto, consideramos necesario manter estas accións e seguir traballando na súa mellora, no que respecta á súa visibilización e rendemento.

# ANEXO I: CRONOGRAMA

## CADRO DE ACTIVIDADES DE PAT REALIZADAS DURANTE O CURSO 2020-21

| Fase | Actividade | Obxectivos/ contidos | Destinatarios | Responsables | Evidencia | Data |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Orientación específica | Presentación do prácticum | Presentación do prácticum e dos titores/as académicos/as ao alumnado | Alumnado de 4º curso dos graos de Educación Infantil e Primaria | Coordinadores/ as de prácticum e titores/as académicos | Presencial | 10/09/2020 |
| Xornada de benvida | Mesas con información sobre os distintos servizos da Universidade, con diferente material informativo para o alumnado. | Presentarlle ao alumnado de novo ingreso os diferentes recursos que ofrece a Universidade. | Alumnado de 1º curso de novo ingreso de todos os graos | Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria | Presencial | 17/09/2020 |
| Xornada de acollida | Benvida e presentación do novo curso ao alumando de 1º | Presentarlle ao alumnado de novo ingreso os recursos que ofrece a Universidade e explicarlle o protocolo especial para este curso derivado da pandemia. | Alumnado de 1º curso de novo ingreso de todos os graos | Vicedecanato da Facultade de Educación. | Presencial | 17/09/2020 |
| Xornada de acollida e orientación | Benvida do equipo decanal | Presentar o Equipo Decanal, coordinadores/as e responsables dos distintos Servizos da Comunidade Universitaria | Alumnado de 1º curso de nuevo ingreso de todos os graos | Equipo Decanal | Presencial | 17/09/2020 |
| Xornada de acollida e orientación | Presentación do título. | Informar sobre aspectos relevantes do Título (planificación académica, recursos, etc.) | Alumnado de 1º curso de novo ingreso todos os graos | Coordinadores/ as de Graos | Presencial | 17/09/2020 |
| Xornada de acollida e orientación | Sesión informativa sobre o acceso ao Campus Remoto | Información sobre como acceder e empregar o campus remoto, onde terá lugar a docencia virtual dos grupos A (clases teóricas). Información sobre contas de correo e a nova plataforma de teledocencia Moovi. | Alumnado de 1º curso de todos os graos | Profesorado de novas tecnoloxías. | https://recordings.campusremotouvigo.gal/recorded/video/2359686f4a63f69051ed625e2bea45c18bb668bb-1600695637544?meeting=128688293 | 21/09/2020 |
| Xornada de acollida e orientación | Sesión informativa sobre validacións (grao de Infantil) | Información sobre as posibilidades de validación no grao de Infantil. | Alumnado procedente do Ciclo superior de FP | Coordinadora do grao de Educación Infantil | https://recordings.campusremotouvigo.gal/recorded/video/e81a24ece4066d8c4351913db2b1c6e89f5921b1-1600701660532?meeting=759437614 | 21/09/2020 |
| Xornada de acollida e orientación | Sesión informativa sobre linguas estranxeiras | Información sobre a formación en linguas estranxeiras | Alumnado de 1º curso de EI e EP. | Profesorado de francés e de inglés da Facultade de Educación | https://recordings.campusremotouvigo.gal/recorded/video/7e8df9a9a9f2642fbde23e453f2b65b33490f385-1601309032550?meeting=1053075795 | 28/09/2020 |
| Orientación específica | Reunión informativa sobre *prácticum* | Sesión informativa inicial co alumando de prácticum | Alumnado de 4º curso do Grao de Traballo Social | Coordinadores do Prácticum do Grao de Traballo Social e titores académicos | Presencial | 21 de setembro de 2020 |

| Fase | Actividade | Obxectivos/ contidos | Destinatarios | Responsables | Evidencia | Data |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Orientación específica | Sesión informativa sobre AUCE | Xornada informativoa sobre a asociación de alumnado universitario de Ourense | Alumnado de 1º curso dos graos de Educación Social e Traballo Social. | Persoal de AUCE | https://bbb36.campusremotouvigo.gal/playback/presentation/2.0/playback.html?meetingId=029d6fe9ea8352ebfbb8ffaf50cdb5ca236d753f-1601572370336&md5=kWldIvqoQvA8d8Xg4oGRjQ&expires=1602521799&meeting=1058489557 | 01/10/2020 |
| Apoio e seguimento | Reunión dos titores/as de PAT e a coordinadora | Consensuar os temas máis relevantes que se deben tratar na primeira reunión de titorización co alumnado de primeiro. | Titores e titoras de PAT | Coordinadora de PAT | Presencial | 02/10/2020 |
| Orientación específica | Sesión informativa sobre AUCE | Xornada informativoa sobre a asociación de alumnado universitario de Ourense | Alumnado de 1º curso dos graos de Educación Infantil e Primaria | Persoal de AUCE | https://recordings.campusremotouvigo.gal/recorded/video/029d6fe9ea8352ebfbb8ffaf50cdb5ca236d753f-1602000718999?meeting=1058489557 | 06/10/2020 |
| Orientación específica | Curso sobre a biblioteca para EI | Curso virtual sobre o emprego da biblioteca e o aproveitamento das fontes bibliográficas (15 horas, con recoñecemento de créditos ECTS). | Alumnado de 1º curso de EI | Responsable da biblioteca e un docente intermediario | Código Moovi: BIB1086 | 5-26 de outubro de 2020 |
| Orientación específica | Curso sobre a biblioteca para EP | Curso virtual sobre o emprego da biblioteca e o aproveitamento das fontes bibliográficas (15 horas, con recoñecemento de créditos ECTS). | Alumnado de 1º curso de EP | Responsable da biblioteca e un docente intermediario | Código Moovi: BIB1093 | 13 de outubro - 15 decembro de 2020 |
| Orientación específica | Curso sobre a biblioteca para ES | Curso virtual sobre o emprego da biblioteca e o aproveitamento das fontes bibliográficas (15 horas, con recoñecemento de créditos ECTS). | Alumnado de 1º curso de ES | Responsable da biblioteca e un docente intermediario | Código Moovi: BIB1094 | 13 de outubro - 30 de novembro de 2020 |
| Orientación específica | Curso sobre a biblioteca para TS | Curso virtual sobre o emprego da biblioteca e o aproveitamento das fontes bibliográficas (15 horas, con recoñecemento de créditos ECTS). | Alumnado de 1º curso de TS | Responsable da biblioteca e un docente intermediario | Código Moovi: BIB1083 | 7 de outubro - 30 de novembro de 2020 |
| Orientación específica | Charla informativa sobre prácticas extracurriculares | Informar sobre as prácticas extracurriculares | Alumnado de 2º e 3º dos graos de Infantil, Primaria e Traballo Social | Persoal Técnico da FUVI | https://recordings.campusremotouvigo.gal/recorded/video/029d6fe9ea8352ebfbb8ffaf50cdb5ca236d753f-1602841121358?meeting=1058489557 | 16 de outubro de 2020 |
| Orientación específica | Charla informativa sobre prácticas extracurriculares e saídas profesionais | Informar sobre as prácticas extracurriculares e as posibilidades de inserción laboral | Alumnado de 3º e 4º do grao de Educación Social | Persoal Técnico da FUVI | Virtual | 21 de outubro de 2020 |
| Apoio e seguimento | 1º Reunión grupos de PAT | Presentar o PAT. Recoller información dos estudantes. Valorar a marcha do curso (puntos fortes, débiles, etc.) | Alumnado de 1º curso de todos os Graos | Titores/as de PAT e coordinadora de PAT | Anexo IV, espazo do PAT en Faitic. | Outubro 2020 |

| Fase | Actividade | Obxectivos/ contidos | Destinatarios | Responsables | Evidencia | Data |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Orientación específica | Reunión informativa sobre TFG | Presentar e orientar o alumnado sobre o TFG | Alumnado de 4º curso do Grao de Traballo Social | Coordinador do TFG (Rubén) e Coordinador de 4º curso e de Grao | Aula virtual "TFG-2"<br>https://campusremotouvigo.gal/access/public/meeting/105281831 | 11 de febreiro de 2021 |
| Orientación específica | Reunión informativa sobre mobilidade para Educación Social e Traballo Social | Orientación ao alumnado sobre programas de mobilidade (Erasmus, Seneca, etc.) | Alumnado de 2º e 3º curso de Educación Social e Traballo Social e demais alumnado interesado | Coordinador de Mobilidade e ORI (Oficina de Relacións Internacionais) | A través de campus remoto: https://campusremotouvigo.gal/access/public/meeting/527156217 | 1 de decembro de 2021 |
